



REGULAMENTO DA “ XIX BTT FARO DE BUDIÑO ”.

A XIX BTT FARO DE BUDIÑO, vaise realizar o 20 de outubro do 2024, e será organizada pola A. D. A FORNA, de Budiño (O Porriño), coa colaboración do concello de O Porriño.

Este evento é federado é considerase unha proba cicloturista non competitiva estando prevista a saída as 9:30 horas no centro cultural A Forna de Budiño, e a hora prevista da chegada será aproximadamente ás 14:30 horas no mesmo lugar.

O traxecto da mesma discorre polas pistas forestais nas parroquias de Budiño, Atios e Cans no concello de O Porriño, Couso, Gulans e Cristiñade no concello de Ponteareas e A Picoña, San Xurxo e Santa María de Salceda no concello de Salceda de Caselas.

Haberá tres distancias; unha de 16km considerada fácil, unha de 25 km considerada de media dificultade e outra de 42 km considerada dificultade de media-alta. O percorrido será elexido polos participantes, a partir do km 16 aproximadamente establecece un punto de corte, aqueles participantes que cheguen antes das 11:45 ata ese punto poden facer o percorrido de 42 km ou de 25km, mentres os que o fagan despois desta hora obligaráselle a facer o percorrido de 25 km. A organización prevé que os primeiros cicloturistas cheguen o Centro Cultural as 12:00 horas e os últimos que o fagan ás 14:30 horas aproximadamente.

A idade mínima para participar é de 15 anos, debendo aportar os menores de idade (18 anos) a correspondente autorización paterna.

O dorsal de cada participante é persoal e intrasferible, no caso de incumprimento o cicloturista quedará excluído de tódalas coberturas do seguro da proba. Os participantes que non teñan dorsal atribuído non terán dereito aos servizos ofrecidos durante o evento e a organización non terá responsabilidade legal ningunha sobre eles.

Non se autoriza a participación sen que o cicloturista presente o xustificante da inscrición no momento da recollida do dorsal.

VALOR DA INSCRICIÓN:

- Federados con licenzia Cicloturista ou outras categorías: 13.5 €.
- Non Federados (farase licenzia por 1 día): 23.5 €.

Só será considerado participante nesta proba cicloturista, a persoa que faga debidamente a inscrición, debendo cubrir o formulario que se atopa na o que implicará a declaración e aceptación do presente regulamento. Non se consideran formalizadas as inscricións ata o pagamento da mesma.

A XIX BTT FARO DE BUDIÑO, sendo unha proba federada, o seguro de accidentes será o que corresponde a Federación Galega de Ciclismo. Tódolos participantes están cubertos durante o tempo de participación deste evento deportivo coas coberturas do seguro da Federación Galega de Ciclismo, non se fará cargo de ningún accidente nin gastos fora desta cobertura, debendo entenderse que os participantes inscritos asumen e coñecen os riscos dunha proba BTT.

Haberá vehículos, persoal de apoio e asistencia médica.

Cada participante é responsable do seu material e bicicleta. En caso de avería que o imposibilite continuar na proba, terá dentro das posibilidades a axuda da organización e en último caso a recollida no coche basoura que pechará a proba ata o punto de chegada.

Asociación Deportiva A Forna.

Budiño, Vacaría, 53.
36475 O Porriño.
Pontevedra.
Tel. 666 331 364 / 635 849 497
E-mail: aforna_ad@hotmail.es



BUDIÑOBIKE

É obrigatorio o uso de casco protector. A falta deste implica a descalificación do participante sendo considerado excluído da proba.

O percorrido estará debidamente sinalizado, tendo os participantes que respectar o itinerario e as indicacións das forzas de seguridade ou membros da organización. O tránsito non será cortado polo que deberase respectar en todo momento as regras do código de circulación.

A organización reserva o dereito de modificar o horario de saída, itinerario, reagrupamento, avituallamento, etc, cando por motivos ou circunstancias así o aconsellen. Poderá a organización excluír da proba retirándolle o dorsal a tódolos participantes que coas súas accións constituían un perigo para sí ou os demais, ou cando non respecten as indicacións da organización.

O participante autoriza o uso de fotografías propias sempre que o seu uso estea relacionado co evento en que participou. Ao formalizar a inscrición acepta e admite que o organizador pode facer uso da imaxe de tódolos ciclistas en calquer formato, sexa gráfico ou dixital e en tódalas formas (radio, prensa, vídeo, foto, DVD, internet carteis, medios de comunicación, etc) e cede tódolos dereitos relativos a súa explotación comercial e publicitaria que se considere oportuno executar, sen dereito a recibir ningunha compensación económica.

Asinado: Germán Lorenzo Lemos.



Presidente da Asociación Deportiva A FORNA de BUDIÑO.

O Porriño, a 18 de Xuño de 2024.